




A nosa gaiola. RAFA FARIÑA

Labirintos e silencios



POR
RAMÓN ROZAS

Un tempo autodestrutivo ante o que Olga Patiño abre esta gaiola chea de «paxaros fosforescentes» para que voen por riba de todos nós.

LATEXA ben forte a poesía nestes últimos tempos en Galicia. Latexa a ritmo de poemarios e recoñecementos como o premio Nacional de Poesía a Manuel Álvarez Tor-

neiro, pero ese latexo acada a súa verdadeira afouteza cando unha escolma de poemas sae a rúa, cando chega ao anaquel dunha librería, abrindo así a posibilidade para que o lector de poesía (que os hai, non se crean) colla nas súas mans o esforzo do seu creador. Esa 'espiral de sombras', por xogar co título do gran libro de poesía en galego do pasado ano que chegou da man de Xavier Seoane, é como no conto de Alicia, un descenso cara a creación máis íntima e persoal que pode acadar a literatura.

A ese percorrido pola espiral non renuncia a nosa protagonista, Olga Patiño, poeta do eu máis íntimo, valente loitadora que, co facho da palabra, alumea ante nós as sinais do ser humano. As pegadas por este camiñar a través do «labirinto dos sentidos» (o

agora eterno) ao que so os poetas son quen de dar sentido dende a súa expresión. Alí anda a poeta a asexar no seu, nun silencio dende o que achegarse ao que un é, e do que poder seguir aprendendo. E é que nos silencios, nese punto tan afastado do que son hoxe as nosas vidas, atópase o espazo ao que suxeitarse, no que procurar un obxectivo ou simplemente captar un sentir. Ese sentir nestes tempos abofé que non é nada optimista; seducido pola maligna alquimia da economía, o ser humano amósase empequencido polas miserias; non só as económicas, senón por aquelas máis radicais como son as morais. Un tempo autodestrutivo ante o que Olga Patiño abre esta gaiola chea de «paxaros fosforescentes» para que voen por riba de todos nós. Mergullados na súa poesía as nosas almas temperan a indignación, a teima permanente por aquilo que vemos, moitas veces ben pretiño de nós, e ante o que xa nos volvemos ben insensibles.

Fainos camiñar a poeta a través dunha serie de círculos, como si tras arrojar a pedra a un lago, dende ela medrasen unhas ondiñas que se afastan dese eu da ignición, para converterse en ti e logo abrirse á contorna natural. A natureza como acubillo da alma, prolongación dese ventre seminal onde somos invencibles pero que, unha vez fora, convértese nun axóuxere do pasado; a sensación de refuxio agarimoso que tentaremos recuperar ao longo da nosa vida. Lirismo non moi habitual na nosa poesía que ten a Olga Patiño a unha enfeitizadora á procura dese equilibrio do que o ser humano parece fuxir sempre. Tres etapas que esperamos lles parezan atinadas, pero o que é certo e a capacidade desta muller para facer xurdir esa desazón ante o exterior, pero á que o eu amosa unha tan evidente coma necesaria resistencia. A resistencia do silencio. «Chóvete por dentro/e non sabes berrar/os restos da dor».



SILENCIO HABITADO
Olga Patiño

Editorial Pigmalión Poesía
Páxinas 118 Preço 16 €